



DATOS IDENTIFICATIVOS

Comunicación oral e escrita: Galego II

Materia	Comunicación oral e escrita: Galego II			
Código	V01G160V01405			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Fernández Álvarez, Manuel Santiago			
Profesorado	Angueira Viturro, Anxo Fernández Álvarez, Manuel Santiago			
Correo-e	mffft@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten como obxectivo consolidar aspectos teóricos e prácticos nun nivel intermedio do galego oral e escrito nos distintos compoñentes lingüísticos: fónico, ortográfico, morfosintáctico, léxico-semántico e textual.			

Competencias de titulación

Código	
A6	Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
A7	Participar en debates e actividades de grupo, e organizalos desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico con respecto ás posicións alleas e á tolerancia cara á diversidade social e cultural que se expresa nas linguas e literaturas en cuestión.
A13	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación
B2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
-Fundamentar con coñecementos teóricos unha adecuada, coherente e correcta expresión oral e escrita en lingua galega.	A6	B2
-Analizar e valorar criticamente exemplos de expresión oral e escrita en lingua galega.	A7	
-Promover a autonomía do alumnado para producir e corrixir diversos tipos de textos orais e escritos, utilizando axeitadamente os recursos da lingua galega.	A13	

Contidos

Tema	
1. As formas da escrita en galego.	1.1. Os textos escritos académicos e especializados.
2. A comunicación oral en galego.	2.1. Anatomía e fisioloxía da voz. Formas e tipos da expresión oral. 2.2. Características e organización do discurso oral. 2.3. A comunicación non verbal.
3. Aspectos de morfosintaxe galega.	-
4. Cuestións de léxico galego normativo. A fraseoloxía. Os rexistros do galego.	-

*A ordenación das epígrafes non presupón un desenvolvemento secuencial similar ó longo do curso.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Eventos docentes e/ou divulgativos	3	0	3
Resolución de problemas e/ou exercicios	20	56	76
Presentacións/exposicións	5	18	23
Traballos tutelados	3	21	24
Actividades introdutorias	2	2	4
Sesión maxistral	13	1	14
Probas de resposta curta	2	0	2
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	0	2
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Eventos docentes e/ou divulgativos	Conferencias, charlas, exposicións, mesas redondas, debates etc. realizados por relatores/as de prestixio, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade en que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a utilización de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral.
Presentacións/exposicións	Exposición por parte do alumnado, diante do docente e/ou un grupo de estudantes, dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto, etc. Poderán ser individuais ou en grupo.
Traballos tutelados	Elaboración dun traballo proposto polo docente que permita avaliar a competencia do alumnado no relativo ao dominio da lingua, técnicas e mecanismos de redacción dun texto.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Sesión maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que desenvolverá o alumnado.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	O docente poderá ter algunha titoría individualizada ou en pequeno grupo co alumnado a propósito das presentacións/exposicións ou dos traballos e proxectos se non abonda coas explicacións, comentarios e indicacións que se dean nas aulas prácticas.
Traballos tutelados	O docente poderá ter algunha titoría individualizada ou en pequeno grupo co alumnado a propósito das presentacións/exposicións ou dos traballos e proxectos se non abonda coas explicacións, comentarios e indicacións que se dean nas aulas prácticas.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Resolución de problemas e/ou exercicios	Ó longo do curso, o profesorado irá recompilando as cualificacións de todas as actividades prácticas avaliáveis (orais ou escritas).	32
Presentacións/exposicións	Contéplase a realización de dúas actividades de natureza oral.	20
Traballos tutelados	Contéplase a realización dunha actividade de natureza escrita. O seu valor sobre a cualificación final é do 8%.	8
Sesión maxistral	Realizaranse dúas ou tres probas (de natureza escrita e oral) verbo dos coñecementos teóricos e lingüísticos desenvolvidos na materia. Ata un 4% do valor desta epígrafe pode alcanzarse grazas á asistencia participativa nas aulas, tanto teóricas coma prácticas.	40

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado deberá decidir ó comezo do curso se opta por un sistema de avaliación continua ou por outro de avaliación única.

Asistencia. Para poder optar á avaliación continua o alumnado deberá asistir a un mínimo do 80% das aulas (tanto das horas teóricas coma das prácticas).

Os discentes terán que conseguir un mínimo de 5.00 (sobre 10) en cada unha das catro tipoloxías de avaliación para alcanzar o apto. Así mesmo, en cada unha das probas ou actividades individuais que constitúen o proceso de avaliación débese alcanzar un 4.00 (sobre 10) para poder facer media coas demais. Todas as prácticas, actividades e traballos solicitados polos docentes teñen que se entregar, para poder ser avaliados, nos prazos marcados. Igualmente, o plaxio ou copia está penalizado cun 0; o segundo 0 por este motivo suporá un suspenso automático na materia.

Os discentes que non perdan o dereito á avaliación continua poderán recuperar na avaliación do mes de xullo, na data fixada pola Facultade, aquelas probas que non superasen na avaliación de maio/xuño (en todo caso, se algunha das partes non se consegue aprobar suporá un suspenso na materia e non se fará a suma total das porcentaxes).

O alumnado que opte pola avaliación única, ou que non cumpra cos requisitos para a avaliación continua, poderá superar a materia, tanto en maio/xuño coma en xullo, a través dun exame final (cunha parte oral e outra escrita) [50%] e mais dous traballos (seguindo as indicacións do docente) [50%]. Cómpre superar tanto o exame coma os traballos para poder superar a materia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía básica.

GRAMÁTICAS E MANUAIS DE REFERENCIA

Álvarez, R.; H. Monteagudo e X. L. Regueira (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.

Álvarez, R. e X. Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Feixó, X.; X. R. Pena e M. Rosales (2004): *Galego século XXI. Nova guía da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Freixeiro Mato, X. R. (1998-2003): *Gramática da lingua galega*, 4 vols. Vigo: A Nosa Terra.

Hermida Gulías, C. (2004): *Gramática práctica (Morfosintaxe)*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega (2005): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo: RAG e ILG. 20ª ed.

Regueira, Xosé L. (coord.) (1998): *Os sons da lingua*. Vigo: Xerais.

DICIONARIOS DE LINGUA GALEGA

Carballeira Anllo, X. M.ª (coord.) (2009): *Gran diccionario Xerais da lingua*. Vigo: Xerais.

Domínguez Dono, X.; A. X. Rajó Pazó e B. Varandas González (coords.) (2004): *Diccionario de galego*. Vigo: Ir Indo.

Fernández Salgado, B. (dir.) (2004): *Diccionario de usos e dificultades da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

González, M. e A. Santamarina (dirs.) (2004): *Vocabulario da lingua galega (VOLG)*. A Coruña: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega.

López Taboada, C. e M.ª R. Soto Arias (2008): *Diccionario de fraseoloxía galega*. Vigo: Xerais.

Pena Romay, X. A. (dir.) (2005): *Gran diccionario Século 21 da lingua galega*. Vigo Edicións do Cumio / Galaxia.

Real Academia Galega (2000): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. 3ª ed.

Santamarina, A. (ed.) (2003): *Diccionario de diccionarios 3*. A Coruña: ILG / Fundación [Pedro Barrié de la Maza].

Xove Ferreiro, X. (coord.) (2008): *Novo diccionario da lingua galega*. Santiago de Compostela: Obradoiro-Santillana.

*Nas clases darase unha guía de referencias bibliográficas máis completa, así como de recursos dispoñibles en internet.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Gramática galega II/V01G160V01603

Gramática galega III/V01G160V01801

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Comunicación científica-técnica en galego e español/V01G160V01901

Comunicación nas empresas e nas institucións en galego e español/V01G160V01501

Comunicación nos medios (en español e galego)/V01G160V01902

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Gramática galega I/V01G160V01602

Outros comentarios

Cfr. coas recomendacións feitas na materia Comunicación oral e escrita: galego I.
